O texto

- **Definición**: Un texto é unha unidade comunicativa completa, oral ou escrita, que contén unha ou varias informacións e está caracterizado pola coherencia, a cohesión, o contido e a intencionalidade.

- **Os textos poden ser:**
  - *Textos orais:* Son o resultado dunha actividade fundamentalmente oral, de carácter interactivo e organizada conforme a unha alternancia de emisor e receptor. Os textos orais poden ser, á súa vez, planificados, pensados e organizados (conferencia, discurso, etc.) ou non planificados, espontáneos (conversa).
  - *Textos escritos:* Son o resultado de pasar a unha canle gráfica, polo que serán percibidos pola vista e non polo oído, os textos orais; ao tratarse dunha tradución dos textos orais, poden elaborarse e planificarse.
  - *Textos expositivos ou informativos:* Son os que teñen como obxectivo proporcionarlle ao receptor ou receptores unha información: novas ideas, novos datos, novos coñecementos, novas crenzas. Son exemplos deste tipo de textos as novas periodísticas, as enciclopedias, os manuais, as guías turísticas, etc. Caracterízanse pola claridade, a orde e a obxectividade.
  - *Textos argumentativos ou persuasivos:* Son aqueles que teñen como intención comunicativa convencer ou persuadir ao receptor, é dicir, modificar as súas ideas ou as súas crenzas, os datos, os coñecementos, etc. Outras veces defenden unha opinión ofrecendo razóns que a xustifiquen. Son exemplos deste tipo de textos os artigos de opinión dos periódicos, os editoriais…
  - *Textos prescritivos ou instrutivos:* Son textos que teñen como obxectivo de comunicación actuar sobre o comportamento do receptor, xa sexa engadindo novas pautas de conduta, xa sexa modificando algunhas que xa existían. Pretenden, pois, aumentar o saber facer do receptor. O que máis importa é o que se pretende conseguir e non os medios empregados para logralo. Son textos prescritivos típicos as receitas de cociña, as instrucións de funcionamento dun electrodoméstico…
  - *Textos literarios:* Son aqueles que, sen excluír outras intencionalidades, se basean na beleza ou estética do discurso. Están máis interesados en como din que no que din. Utilizan as técnicas do discurso con fins estéticos, pretenden crear beleza para o que usan os recursos literarios: figuras de dición, tropos, etc., en definitiva, os denominados "recursos estilísticos".

- **Niveis e rexistros lingüísticos: as variedades internas das linguas.**
  - *As variedades sincrónicas ou temporais:* Se temos en conta o eixe temporal (o paso do tempo), como falantes dunha lingua podemos distinguir diferenzas nos distintos estadios desta. Estes cambios están motivados pola evolución da lingua co paso do tempo. Variedades

sincrónicas; así o galego medieval será unha variedade sincrónica.

- *As variedades sintópicas ou xeográficas:* Son as variedades espaciais ou xeográficas. Dentro do territorio ocupado por unha lingua poden existir distintas variedades que se falan en diferentes zonas xeográficas delimitadas: o galego da mariña luguesa. Tres bloques dialectais no galego: occidental, central e oriental.
- *As variedades sinstráticas ou socioculturais:* Estas variedades son provocadas polo feito de que dentro dunha comunidade lingüística existen diferentes estratos socioculturais. Isto é, non se fala da mesma maneira un idioma nos barrios pobres da periferia das grandes cidades que nas zonas residenciais ou céntricas.Tampouco se fala igual nas zonas rurais que nas urbanas. Tampouco fala do mesmo xeito o médico que o polbeiro.
- *As variedades sinfásicas ou contextuais:* As variedades sinfásicas son as diferenzas no uso da lingua relacionadas co contexto e coa elección do propio falante. Están en relación co tipo de comunicación desexado polo falante respecto da situación na que se desenvolve o acto lingüístico e respecto do receptor. Estas variantes individuais, tamén reciben o nome de estilísticas, xa que o seu ámbito é subxectivo (unha conferencia na que expón os seus coñecementos científicos ou unha conversa distendida).